



CANDO ME PRECISES..... ASUBIA!!!

Cando marchei do colexio dábame mágoa, porque eramos un pequeno equipo que dos recreos facía un mundo, so pensaba en rir...

Agora voume do instituto e sí, tamén me da mágoa porque aprendín, coñecín a moitas mulleres que me ensinaron moito, que son agora as miñas colegas, Lorena, Natalia, Mouriño, a Raquel... tamén homes que coñecín aquí e que teño rido moito con eles e aínda o fago a día de hoxe, Samuel, Blanco, Javi, Conde...

Tamén está a xente coa que dende moi pequena me levo, unha amizade que xa veu dende que todos levabamos mandilóns e dúas coletas, Miriam, Verónica, Carmen... tamén Rosa..... E sen esquecer, por suposto, as LETRAS, as nosas letras, a Laura a Vanessa a Maria a Vero a Lorena.... que coas nosas diferenzas estivemos moi unidas!!!)

Malia todo isto, que foi algo xeralizado á maioría da xente que pasa polo instituto, sintome moi leda, sintome ilusionada, chea de burbullas que desexas berrar, cantar, chorar, bailar, rir.... e que se botaran a voar en aires novos, noutra etapa...

Teño moitas ganas de comezala!!, outra etapa de miña vida noutro pequeno "mundo", en Compostela, berce de moitos espíritus ceibes e mestres, a que penso explotar, no bo sentido, ao máximo porque sí, porque quero, porque me peta (e nunca mellor dito), chegoume o tempo de coñecer outras cousas e ter máis facilidades, coñecer xente, facer o que me gusta, e ser independente na media do posíbel... que me coñezan dende o "Ola eu son Zeltia, e só eu"

Sintome tamén ben, porque sintome realizada, no instituto fixen e dixen o que sentía e sintome orgullosa diso e moi agusto tamén porque atopeine cun entorno orixinal que me axudaba a realizarme, temos sorte de estar neste ies, está cheo de moi boa xente, xente con conciencia a maioría, e con moitas actividades que debedes participar!!!...e agora xa está!, xa rematou! Pero quero pensar que deixei unha pegadiña, aínda que sexa de pomba, no corazón de alguén... O meu, de feito, está cheo de pegadas de colegas e tamén de mestres e mestras, porque estes non só son uns que nos avalian e moitos deles escatiman na nota, senón que son algo máis... credeme!!, moitas destas pegadas son moi fondas ...

Gustariame con poucas liñas, sacarlle un sorriso a quen o merece, sacarlle un sorriso a estes mestres e mestras, que entre outros moitos, pero si escollidos, deixaron pegada fonda, non me vou estender moito... pero saeme de dentro..daló do fondo...

Un beixo a Carme Nieto, xa alá en 2º da E.S.O, da que a aprendín que un valor importante é a sinceridade.

Un agarimo a Natalia, que me encheu de ilusión.....e me fai saltar...

Un bico a Susana Rial, que me axudou a ser constante coas miñas entregas, grazas.

Unha aperta a Mabel, que me ensinou a quererme un pouco máis e me berrou "confía máis en ti mesma"

Unha caricia a Susana Losada da que aprendín a non dicir, e nin tan sequera pensar "non podo máis, aquí me quedo" senón a loitar, a seguir sendo eu, e a continuar a

peregrinaxe no meu camiño...

Un sorriso a Paco, co que aprendín a sentir con máis sentimento, vaia a redundancia, e dende agora a ter conciencia de cabeza que rule soa.... hehe

Unha gargallada a Marga, que me amosou con agarimo.... o que será o meu futuro.

De todos eles, aprendín, aprendo e aprenderéi como de outra moita xente...

E a todos os meus e miñas colegas que sempre están aí, e que me queren cos meus defectos e virtudes... quérovos....é a aos meus pais tamén que sementaron en min valores moi positivos que eu me comprometo a coidar!

Prométome ser a que sempre fun, é a que son.....

" Se apreto os ollos
as manchas de humidade
que hai no teito
semellan caracos
sen cuncha..."
(Enma Couceiro)

ZELTIA

